



PLAN DIXITAL

IES Sánchez Cantón

Versión 1.0 xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación deste
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Con máis de 1000 alumnos e alumnas no instituto impártese Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e os títulos de Técnico Superior en Ensinanza e Animación Deportiva, Técnico Deportivo en fútbol, Técnico Deportivo en balonmán, Técnico Superior en fútbol e Técnico Superior en balonmán. O Instituto Sánchez Cantón ten ademais unha extensión no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) con grupos de 3º e 4º de ESO e Bacharelato, no que case 100 deportistas bolseiros de toda Galicia estudan e adestran nas súas instalacións.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O contexto sociocultural medio do alumnado do centro é medio alto. A maior parte dos alumnos estudan bacharelato para acceder a estudos superiores universitarios.

Respecto á relación do Plan Dixital co proxecto educativo de centro non podemos describir nada ata que sexa aprobado polo Consello Escolar, unha vez presentado no Claustro.

1.3. Breve xustificación deste

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O plan foi elaborado conxuntamente entre os membros do equipo de dinamización do plan dixital: director do centro, coordinador Edixgal e coordinador TIC. Para a elaboración final, e despois da análise polo miúdo do Selfie, do test de competencia do profesorado e da realidade do noso centro, os obxectivos deseñáronse de forma conxunta en sucesivas reunións de traballo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O centro dispón dunha rede de datos cableada en todas as aulas e de conectividade wifi coa rede edu.xunta, a rede de edixgal e a rede antiga sen asignación automática de IP (cada día con menos uso).
- O Equipamento dispoñible distribúese nos seguintes grupos:
 - Equipamento estandar edixgal en toda a ESO.
 - Portátil de profesor conectado ó taboleiro dixital ou proxector en todas as aulas.
 - Equipos de sobremesa en administración, despachos equipo directivo e sala de profesores.
 - Equipos portátiles a disposición do profesorado edixgal (non hai para todos)
 - Dotación de portátiles de fenda dixital.
 - Aula de informática con 33 equipos de sobremesa
 - Biblioteca con equipos a disposición dos alumnos (moi obsoletos)
 - Equipación moi diversa nos diferentes departamentos.
- Entre os diversos servizos dixitais educativos o centro dispón de : páxina web do centro, aula virtual, E-Dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil, plataforma Webex para videochamadas.
- O mantemento con recursos externos faise entre a UAC, o servizo Premium e empresa contratada puntualmente. O mantemento con recursos internos faíno o coordinador edixgal, o coordinador TIC co apoio e coordinación do director do centro e xefatura de estudos

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A principal fonte de recollida de información foi facilitada pola plataforma SELFIE, na seguinte táboa recóllese un resumo coas medias acadadas nas diferentes áreas e por etapas educativas.

		ESO	Bacharelato	Ciclo sup. FP	Ens. deportivas
A -Liderado	Equipo Direct.	2,5	2,6	2,5	2,7
	Profesorado	2,3	3,2	3,8	3,7
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,5	2,3	2,5	2,5
	Profesorado	3,1	2,8	3,9	3,0
	Alumnado	2,7	2,1	2,6	2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,1	2,9	2,8	2,8
	Profesorado	3,4	3,1	3,5	4,2
	Alumnado	3,7	2,7	3,3	3,2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,0	3,7	3,6	3,6
	Profesorado	3,7	3,5	4,4	4,2
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6	3,7	4,0	4,0
	Profesorado	4,1	4,1	4,8	4,5
	Alumnado	3,9	3,8	4,2	3,6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,8	2,7	2,7	3,0
	Profesorado	3,8	3,5	4,7	4,7
	Alumnado	3,1	2,7	3,8	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,6	2,7	3,1	2,8
	Profesorado	3,2	3,1	4,4	4,7
	Alumnado	2,9	2,2	3,3	2,9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,0	3,0	3,2	3,1
	Profesorado	3,5	3,3	3,6	3,7
	Alumnado	3,2	2,8	3,0	3,4

O test de competencia dixital do profesorado foi a outra gran fonte de recollida de información obxectiva que poderemos resumir nas seguintes táboas, seleccionadas entre as xeradas polo test:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	33	55	60
PROVISIONAL	6	11	55
INTERINO	5	10	50
SUBSTITUTO	7	17	41

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,2	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	80,4	Integrador (B1)	79,7	Integrador (B1)
BAC	82,5	Integrador (B1)	78,4	Integrador (B1)
F.P	86,8	Integrador (B1)	80,2	Integrador (B1)
Tec Dep	60	Explorador (A2)	88,6	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	2
A2	12	23
B1	25	49
B2	9	18
C1	4	8
TOTAL	51	100

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e o coñecemento directo proporcionado pola acción docente diaria no eido das TICs, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Despois dunha análise polo miúdo das fontes descritas , o DAFO queda establecido nos seguintes termos, ordeados nas seguintes catro táboas:

INTERNOS		FORTALEZAS
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1: As infraestructuras dixitais respandan o ensino e a aprendizaxe. C10: Dispositivos portátiles que o alumnado pode levar. C8: Dispositivos dixitais que o alumnado pode utilizar.
	PERSOAL DOCENTE	E5: O profesorado usa recursos dixitais abertos. E3: Uso de contornos virtuais de aprendizaxe F4: O profesorado realiza actividades de aprendizaxe dixitais que motivan ao alumnado D2: Acceso a un PFPP relacionado coas tecnoloxías dixitais
	ALUMNADO	H8: O alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais H3: Apréndese un uso responsable de internet
	FAMILIAS	E4. Uso dos medios dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.
	OFERTA PEDAGÓXICA	E2: O profesorado crea recursos dixitais para reforzar o seu método de ensino
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A2. Involúcrante nunha estratexia dixital para o centro A3. Apoios do equipo directivo á hora de probar o ensino dixital D3: Intercambio de experiencias entre o profesorado D1: Debatenos sobre necesidades formativas dixitais

INTERNOS		DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C15: Acceso a tecnoloxías asistenciais para alumnado con necesidades C13: (FP) O alumnado pode traer os seus propios dispositivos e usalos na clase
	PERSOAL DOCENTE	G1: Usar as tecnoloxías dixitais para a avalaiación. F3, F5: Fomento, creatividade e traballo colaborativo.
	ALUMNADO	F6: Participación do alumnado en proxectos interdisciplinares con uso dixital G8: O propio alumnado documenta a súa aprendizaxe H4: Aprendo a comprobar se a información que atopo en internet é fiable. G5: Autorreflexión sobre a súa aprendizaxe
	FAMILIAS	Hai familias remisas á incorporación dos portátiles na aula. Imposibilidade de instalar unha aplicación que permita o control parental sobre os equipos EDIXGAL.
	OFERTA PEDAGÓXICA	G10: Valorar as habilidades dixitais do alumnado fóra do centro H13: O alumnado aprende a resolver problemas técnicos
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A4: Falta tempo para explorar coas tecnoloxías dixitais B4: Colaboración con outros centros no uso da tecnoloxía dixital B2: Debate sobre vantaxes e desvantaxes da tecno. dixital B1: Avaliación dos progresos en materia dixital

EXTERNOS		OPORTUNIDADES
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Adaptación e flexibilización na oferta de formación do centro ás demandas reais do profesorado. Comeza a clarificar as necesidades formativas e a establecer itinerarios de forma semellante aos indicadores de logro do mundo dos idiomas (B1, B2, C1...)
	LEXISLACIÓN	Unha lexislación que acompaña esa necesidade de transformación da aula. Novos DCBs que impulsarán o uso das novas metodoloxías e os artefactos dixitais. O profesorado como acompañante do proceso de aprendizaxe en lugar de única vía de saber
	CONTORNA	A COVID espantou as reticencias a formarse continuamente no mundo dixital e impulsou a estima das posibilidades que ofrece tanto a nivel técnico como a nivel metodolóxico
	ANPA	Unha ampla maioría dos pais e nais ven positivo este cambio. Queren acompañar aos seus fillos e ao profesorado no cambio
	OUTRAS ENTIDADES	Un bo momento para poñerse ao día polas oportunidades de formación que se ofrecen dende diferentes ámbitos (Cefores, Concello, Fundación Telefónica, Coursera....)
	PEGADA DIXITAL DO CENTRO	Fomento da páxina web, aula virtual e galería de imaxes para aglutinar e dar a coñecer todo o relacionado coas TIC do centro.

EXTERNOS		AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Como pasa moitas veces, os cambios chegan sen unha planificación previa, que permita unha aterraxe máis suave no mundo dixital e a súa adaptación á docencia
	LEXISLACIÓN	Cambios lexislativos inminentes que restarán enerxía para seguir adaptándonos ao mundo dixital
	CONTORNA	O mundo dixital é un ámbito en constante cambio e cando xa estás rematando de adaptarte a unha ferramenta xa xurden outras que provocan unha sensación de estar comezando sempre. Falta unha perspectiva da solidez da ferramenta a medie longo prazo
	ANPA	Necesidade de formación para que entendan o cambio metodolóxico que supón incorporar o material dixital na aula. Unha visión clásica do mundo do ensino, que lles leva a ponderar os resultados sobre os procesos.
	OUTRAS ENTIDADES	Falta de coordinación con outras iniciativas de dotación de recursos e formación impulsadas por outras institucións a nivel local


3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo destes está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Despois da análise previa da realidade do centro e da realización posterior do DAFO, as accións específicas do noso plan poderían incluírse nalgunha das tres liñas xerais de actuación mostradas no seguinte diagrama:



O Plan Dixital de noso centro concrétase na consecución dos oito obxectivos seguintes:

- 1) Fomentar as consultas na web do centro.
- 2) Achegar ás familias á educación dixital.
- 3) Mantemento e xestión eficiente dos recursos dixitais do centro.
- 4) Favorecer unha formación dixital continua do profesorado
- 5) Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado
- 6) Fomentar a autoaprendizaxe dixital no alumnado a través da propia reflexión dos seus avances.
- 7) Usar as tecnoloxías dixitais por parte do alumnado como medio de colaboración entre eles e fomentar así a aprendizaxe cooperativa
- 8) Favorecer unha aprendizaxe baseada na resolución de problemas

A continuación se detallan en táboas os obxectivos que recollen a información sobre:

- *Indicadores medibles de consecución (valor partida e valor previsto).*
- *Responsable.*
- *Valoración da acción para o seu seguimento e a posibilidade de avaliación final.*
- *Descrición detallada das accións a desenvolver.*
- *Recursos necesarios para levar á práctica cada acción.*

Área de mellora:	Transversal					
OBXECTIVO 1:	Fomentar as consultas na web do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de visitas ao mes/ Actualizacións semanais de contidos					
Valor de partida	400 / Polo menos 1					
Valor previsto e data	3000 / Polo menos 4			Xuño 2023 / semanal		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Ampliar os contidos de oferta educativa, contidos curriculares, información administrativa e instalacións do centro	Equipo xestores web	Xuño 2023	Os propios para xestionar a web	Revisión de contidos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Inducir a todos os departamentos, que aínda non o fan, a dotar de contidos actualizados os seus espazos na web.	Equipo xestores web Coordinador TIC	Xuño 2023	Os propios para xestionar a web	Revisión periódica de contidos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realizar unha pequena "campaña" para publicitar as melloras na web do centro.	Equipo directivo Coordinador TIC Titores	Finais novembro 2022	Pósters publicitarios Mensaxes no abalar móbil	Impacto inicial no número de visitas.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora:	Colaboración e redes (B)					
OBXECTIVO 2:	Achegar ás familias á educación dixital			Acadado		
RESPONSABLE:	Dirección			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Reunión coas familias ao inicio de curso					
Valor de partida	Inexistente					
Valor previsto e data	Unha reunión ao comezo de curso para achegar o funcionamento da plataforma			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Consolidar a comunicación coas familias a través do ABALAR	Dirección Profesorado Titores	Fin do primeiro trimestre	Infraestruturas e equipamento	Informes e citas por ABALAR	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Explicar a ubicación do contido e recursos nas plataformas EDIXGAL e AV	Dirección Coordinador EDIXGAL	Inicio de curso	Infraestruturas e persoal	Unha charla coas familias ao inicio de curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Charla sobre o uso responsable de internet	Dirección Coordinador EDIXGAL Coordinador de Convivencia	Fin do primeiro trimestre	Infraestruturas e persoal	Unha charla coas familias a finais do 1º trimestre	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora:	Infraestruturas e equipos (C)					
OBXECTIVO 3:	MANTEMENTO E XESTIÓN EFICIENTE DOS RECURSOS DIXITAIS DO CENTRO				Acadado	
RESPONSABLE:	COORDINADOR TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	NÚMERO DE INCIDENCIAS SEMANAIS REXISTRADAS					
Valor de partida	MÁIS DE 10					
Valor previsto e data	NON MÁIS DE 5			XUÑO 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Creación dun protocolo eficaz de comunicación de incidencias por parte dos usuarios	Coordinador TIC	Finais setembro 2022	Por definir	Grado satisfacción usuarios	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación dun documento compartido na rede coa función de inventario dinámico	Coordinador TIC Director	Finais setembro 2022	Ferramentas da aula virtual do centro	Grao de eficacia e axilidade	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Establecer un espazo de almacenamento e reparación dos equipos dixitais	Coordinador TIC Secretario	Antes do fin do primeiro trimestre	Espazos e mobiliario do centro.	A posibilidade de facelo	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora:	Desenvolvemento profesional contínuo (D)					
OBXECTIVO 4:	Favorecer unha formación dixital contínuo do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador EDIXGAL				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Participación do profesorado en cursos de formación dixital					
Valor de partida	Participación dun 15%					
Valor previsto e data	Participación dun 25%				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Garantir a través dun PFPP a formación contínuo en EDIXGAL e AV	Coordinador EDIXGAL	Maio	Equipamento, orzamento e infraestruturas	Un uso cotiá das plataformas educativas virtuais	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Creación de materiais con diferentes niveis de dificultade	Coordinador EDIXGAL	Maio	Equipamento	Deseño dun tema por trimestre con diferentes niveis de dificultade	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Aprender a crear materiais que garantan a autoaprendizaxe do alumnado	Coordinador EDIXGAL	Maio	Equipamento	Deseño dun tema con actividades que permitan unha autoavaliación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora:	Pedagogía: apoios e recursos (E)				
OBXECTIVO 5:	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado				Acadado
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades feitas na Aula Virtual por docente implicado (Enquisa ao final de curso)				
Valor de partida	Sen datos				
Valor previsto e data	2 actividades desenvoltas por trimestre na AV por docente implicado			Xuño 2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO5.1: Crear os cursos na AV, matricular aos docentes e ao alumnado en cada un deles.	Coordinador TIC Director	Novembro 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO5.2: Publicar as diferentes actividades (ao longo do curso) de cada un dos cursos da AV	Profesorado da materia Coordinador TIC	Ao longo do curso	Actividades creadas de anteman.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO5.3: Traballar co alumnado nas diferentes actividades e realizar un seguimento do desenrolo das mesmas por grupo e materia.	Profesorado da materia Coordinador TIC	Ao longo do curso	Actividades creadas de anteman. Dispositivo portátil con conexión a internet para cada alumno		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área de mellora:	Prácticas de avaliación (G)					
OBXECTIVO 6:	Fomentar a autoaprendizaxe dixital no alumnado a través da propia reflexión dos seus avances				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Un porfolio dixital					
Valor de partida	Inexistente					
Valor previsto e data	Un porfolio por alumno que registre o avance nas propias aprendizaxes dixitais				Final de curso	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Ensinar no deseño dunha presentación atractiva	Profesorado Coordinador TIC	Ao final do primeiro trimestre	Equipamento da maqueta abalar	Registro das presentacións elaboradas ao longo do curso por un alumno	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Ensinar no uso e manexo dunha internet segura	Profesorado Policía Coordinador TIC	Ao final do primeiro trimestre	Charlas específicas da policía	Aplicación das recomendacións no uso das redes sociais e na revelación da identidade	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Aprender a usar alguna aplicación para elaborar mapas conceptuais	Profesorado Coordinador TIC	Ao final do primeiro trimestre	Equipamento da maqueta abalar	Registro dos mapas conceptuais elaborados ao longo do curso por un alumno	Realizada	
					Aprazada	

Área de mellora:	Competencias dixitais do alumnado (H)					
OBXECTIVO 7:	Usar as tecnoloxías dixitais por parte do alumnado como medio de colaboración entre eles e fomentar así a aprendizaxe cooperativa				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Enquisa de grado de consecución obxectivos					
Valor de partida	Inexistente					
Valor previsto e data	Un proxecto ao ano por materia que inclúa o uso de wikis colaborativas			Finais do segundo trimestre		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Ensinar no uso da wiki colaborativa para crear uns apuntes de clase	Profesorado Coordinador TIC	A finais do segundo trimestre	Equipamento de EDIXGAL e AV	Rexistro dunha tarefa colaborativa no curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Usar as wikis en pequenos grupos para desenvolver un proxecto de forma cooperativa	Profesorado Coordinador TIC	A finais do segundo trimestre	Equipamento de EDIXGAL e AV	Rexistro dunha tarefa colaborativa no curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3: Uso doutras plataformas colaborativas como CANVAS	Profesorado Coordinador TIC	A finais do segundo trimestre	Infraestruturas	Rexistro dunha tarefa colaborativa no curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora:	Competencias dixitais do alumnado (H)					
OBXECTIVO 8:	Favorecer unha aprendizaxe baseada na resolución de problemas				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Profesorado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Números de Proxectos desenrolados					
Valor de partida	Non hai rexistros					
Valor previsto e data	Unha actividade de resolución de problemas por trimestre en cada materia de tipo práctico				Finais de curso	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLE S	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A08.1: Ensinar ao alumnado na busca de información na rede e avaliala de forma crítica	Coordinador TIC Profesorado	Fin de curso	Equipamento	Contrastar a información obtida en tres fontes diferentes e que teñan unha demostración de ser fontes de autoridade	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.2: Incorporar tarefas que impliquen a aplicación do coñecemento tecnolóxico	Coordinador TIC Profesorado	Fin de curso	Infraestruturas	Un reto por curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A08.3: Favorecer unha aprendizaxe baseada na resolución de problemas técnicos reais	Coordinador TIC Profesorado	Fin de curso	Equipamento e infraestruturas	Un reto por trimestre	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Para levar a cabo as distintas accións recollidas no plan dixital temos os medios necesarios sempre e cando o servizo de atención técnica arranxe as averías que aparecen ao longo do curso escolar.

4. Avaliación do plan

O seguimento e avaliación das accións recollidas nos 8 obxectivos do plan terá dúas vertintes:

- Seguimento paralelo no tempo ao desenvolvemento, que permita identificar as posibles dificultades, técnicas ou de deseño, que poidan xurdir no desenvolvemento dunha acción específica. Este seguimento avaliará o estado de execución das accións e a necesidade de facer modificacións nas propostas que permitan superar as dificultades.
- Avaliación final, a final de curso, que analizará o grado de consecución de obxectivos e as posibles propostas de mellora ou modificación do plan para o curso seguinte.

5. Difusión do plan

O plan dixital estará a disposición de toda a comunidade educativa e da cidadanía en xeral na páxina web do centro.

Naturalmente, a principios de curso, os responsables de cada acción programarán reunións cos profesores implicados para levar a cabo as distintas accións dos obxectivos específicos do plan dixital.